

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2023



CONCLUSIÓN



EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

CAP. 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2023

- PRIMEIRA.** En 2023 Galicia rexistrou un aumento do PIB (1,8%) menor que o experimentado a nivel nacional (2,5%). O PIB por habitante en Galicia en 2022 foi un 8% inferior á media nacional.
- SEGUNDA.** Do PIB galego en 2021 (último dato desagregado dispoñible), a provincia da Coruña xerou un 42,8 % e a de Pontevedra un 34,5 %. Conxuntamente, as provincias de Lugo (11,6 %) e Ourense (11,1 %) representan menos da cuarta parte do PIB en Galicia (22,7%).
- TERCEIRA.** En 2023 un 30,4 % dos fogares en Galicia non tiña capacidade económica para facer gastos imprevistos (5,8 puntos porcentuais menos ca media estatal) e un 6,7 % tiveron retrasos nos pagos relacionados coa súa vivenda principal (3,3 puntos menos ca media estatal). Un 9,6 % dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (0,7 puntos porcentuais máis que a media estatal). Finalmente, os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia en 2023 (13.147 euros) estaban un 6,0 % por baixo da media española.
- CUARTA.** O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro acadou en 2023 os 30.038,43 millóns de euros, mentres que as importacións foron de 20.083,8 millóns de euros. A diferenza foi de 9.138,37 millóns (en 2022 foi de 2.802 millóns de euros).

CAP. 2. ESTRUCTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL

- PRIMEIRA.** En 2023 a comunidade galega rexistra 185.179 empresas, 11.351 menos que o ano precedente (unha redución do 5,78% fronte a perda a nivel estatal do 6,5%).
- SEGUNDA.** Galicia mantén un ano máis a quinta posición na participación empresarial, achegando un 5,8% das empresas españolas. En Galicia predomina con claridade o sector servizos (81,0%) fronte ao industrial (6,0%) ou o das empresas da construción (14%).
- TERCEIRA.** A distribución das empresas por sectores económicos amosa unha menor participación no sector “resto de servizos” en comparación coa media estatal (59,2% en Galicia fronte ao 62,6% en España), o que suxire unha menor dependencia dos servizos en comparación co conxunto do país.
- CUARTA.** Confírmase a concentración da actividade empresarial nas provincias atlánticas A Coruña e Pontevedra, que achegan 7,6 de cada 10 empresas galegas.
- QUINTA.** En 2023 a maioría das empresas (o 57,1% e preto do 43% en España e Galicia, respectivamente) están constituídas como persoa física. Este patrón reflicte un período de sete anos onde a porcentaxe de empresas que se constitúen nesta modalidade é ascendente.

CAPÍTULO 3. ECONOMÍA SOCIAL

- PRIMEIRA.** Segundo as fontes utilizadas neste informe, a economía social agrupa, no conxunto do Estado, a 43 mil empresas, que dan ocupación a 2,5 millóns de persoas, que aportan á sociedade 11.026 millóns de euros anuais. Esas empresas representan en Galicia o 7% do PIB, cun impacto anual de 850 millóns de euros.
- SEGUNDA.** En Galicia, en 2022, había 1.265 cooperativas con actividade, situadas principalmente nas provincias da Coruña e Pontevedra. En 2023, foron constituídas 138 cooperativas, delas o 51,4% na provincia de Pontevedra. O número de sociedades laborais activas en 2022 era de 653, a maioría tamén nas provincias da Coruña e Pontevedra, constituíndose, en 2023, 56 sociedades laborais, delas o 66,1% na provincia de Pontevedra. 153 centros especiais de emprego había en Galicia en 2022, sendo constituídos 7 en 2023. Os datos referidos a outras entidades da economía social, e a 2022, indican que había 13 empresas de inserción; 63 confrarías de pescadores; 1.050 sociedades agrarias de transformación; 3.371 comunidades ou mancomunidades de montes veciñais en man común e catro mutuas de seguros e mutualidades de previsión social.

CAP. 4. POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

PRIMEIRA. En 2023 a poboación en Galicia aumentou en 6.599 persoas, ata chegar aos 2.699.424 habitantes (2.692.825 persoas en 2022). En 2023 A Coruña e Pontevedra seguen a concentrar máis de dous millóns de habitantes (2.070.594), un 76,7% do total da poboación en Galicia.

SEGUNDA. A poboación ocupada amosou unha tendencia de crecemento dende 2015, acadando en 2023 os 1.129.000 empregos. Este aumento é significativo, cun crecemento do 2,3% respecto ao 2022. O número de persoas en paro estimadas pola EPA en 2023 é de 121.000, o que representa unha redución do 11,3% en comparación con 2022.

TERCEIRA. A taxa de temporalidade foi en 2023 en Galicia dun 19,4%, mantendo o mesmo valor que en 2022. En consecuencia, a contratación indefinida en 2023 representou o 83,3% do total de contratacións, comparado co 80,6% en 2022.

CUARTA. En Galicia, o número de parados rexistrados en decembro de 2023 foi de 129.504 persoas, unha redución de 12.718 respecto ao ano anterior. Esta caída é maior que a do ano 2022, cando a redución foi de 10.362 persoas.

QUINTA. A formación de demanda ou programada polas empresas experimentou un descenso no número de empresas formadoras e un leve aumento no número de participantes, horas de formación, permisos individuais de formación e crédito disposto, se o comparamos con 2022. A duración media dos cursos mantívose igual. O número de mulleres (46%) participantes segue sendo inferior ao de homes (54%). Por provincias destaca Pontevedra co maior número de empresas formadoras, seguida da Coruña.

SEXTA. A distribución das horas de formación segundo o sector de actividade, tanto en España coma en Galicia, concéntranse maioritariamente no sector servizos chegando ao 67,6% en Galicia e ao 73,3% no conxunto do Estado.

CAPITULO 5. A MULLER NO MUNDO LABORAL

PRIMEIRA. Mantense unha maior representación dos homes na contratación fronte ás mulleres (48,5% de mulleres en 2023), unida a un elevado uso dos contratos temporais, dos contratos a tempo parcial (64% do total) e un menor concerto de contratos indefinidos, chegando en 2023 ao 48,5% mellorando respecto ao ano anterior.

Hai que destacar que seguen existindo modalidades contractuais eminentemente femininas como o de interinidade (66% do total), que o contrato para a formación e o de prácticas é inferior no grupo de mulleres. O sector servizos e ocupacións como empregada administrativa e traballadoras de servizos de restauración, persoais e de comercio manteñen a maioría feminina.

SEGUNDA. Polas características do traballo das mulleres (máis traballo a tempo parcial, subrepresentación en postos altos, menor antigüidade media, maior temporalidade, categorías menos retribuídas altamente feminizadas etc.), as mulleres galegas percibiron un salario medio anual un 18,7% inferior ao do home (lixeira melloría) e o que é moi preocupante o 40% das mulleres galegas tiveron ingresos iguais ou inferiores ao salario mínimo interprofesional, 27% no caso dos homes, tamén mellora lixeiramente.

TERCEIRA. O importe medio das prestacións por desemprego percibidas polas mulleres galegas foi o 93% das recibidas polos homes, un 7% menos, mellorando con respecto ao ano anterior. De igual forma, as pensionistas galegas só percibiron como media o 66,4% das pensións do grupo de homes.

CUARTA. As pensións de xubilación, que son as de maior contía, solo supoñen o 50,6% das pensións das mulleres e o 77% das dos homes.

QUINTA. Do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos, nenas ou persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, o 92,6% en 2023 son mulleres e o 79,2% do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais tamén son mulleres, mellora sobre o ano anterior. Igual que as solicitudes de excedencia por coidado de filla ou fillo que son solicitadas por mulleres no 86,5% dos casos.

CAPÍTULO 6. INICIO DA RELACIÓN LABORAL

PRIMEIRA. Continúa no ano 2023 a tendencia iniciada en 2022 de redución do número de empresas. Se no ano 2022 baixaran en 778 empresas menos que no ano anterior, en 2023 baixa o número en 482 empresas. Fronte a este descenso, non se pode dicir o mesmo respecto de persoas traballadoras estranxeiras e respecto das afiliacións e altas na Seguridade Social, que continúan a senda de crecemento iniciada dous anos antes.

SEGUNDA. A 31 de decembro de 2021, o 74,34% das empresas de Galicia que contan con persoas asalariadas, pertencen ao sector servizos, dando ocupación ao 72,93% das persoas traballadoras (no ano 2021 eran o 74,22% e daban ocupación ao 72,55%). Descende o número de empresas con persoas asalariadas en 2023 en 482 e soben nas autónomas sen persoal asalariado (3.814). Sendo as empresas organizadas xuridicamente baixo a fórmula de persoa xurídica o 61,58% do total, empregan ao 91,06% das persoas traballadoras por conta allea (90,72% en 2022). Merece destacarse que en 2023 o número de persoas traballadoras en empresas inscritas na Seguridade Social con contrato indefinido chega ao 86,62% do total.

TERCEIRA. Segue a tendencia á alza dos cinco anos anteriores á pandemia (durante esta, diminuíu), respecto do número de persoas afiliadas á Seguridade Social (17.100 afiliadas máis), superando, no caso de Galicia, as cifras de 2014 (primeiro ano que se recolle no correspondente cadro evolutivo), e situándose en parámetros superiores a 2017. Se a recuperación de persoas afiliadas en 2022 situouse principalmente no réxime xeral, en 2023 mantén a mesma preferencia. Por sectores, a meirande parte das persoas traballadoras afiliadas e en alta sitúanse no sector servizos, seguido de industria, construción e agrario, por ese orde. Ascende en 1.992 o número de contratos concertados con persoas traballadoras estranxeiras, a meirande parte delas concentradas no sector servizos e maioritariamente baixo fórmulas de contratación temporal, baixando lixeiramente no sector agrario. Das contratacións a persoas estranxeiras en 2023, ascende proporcionalmente de forma máis acusada a contratación de persoas comunitarias.

CAPÍTULO 7. CONTRATACIÓN

PRIMEIRA. Se no ano 2022 baixa o número de contratos totais, pero se multiplica por cinco o número de contratos indefinidos. No caso do Estado ata os 5.675.962, e no caso de Galicia ata os 201.029, no ano 2023 continúa esta tendencia froito da reforma normativa. Baixa no Estado en máis de dous millóns o número de contratos, mentres que en Galicia baixa en case 80.000 contratos, e seguen a subir os indefinidos en case medio millón no Estado e máis de 6.000 en Galicia.

Mención especial merece que se concertaron en Galicia 52.800 contratos fixos descontínuos en 2023 e 59.138 contratos fixos descontínuos en 2022, sendo o 65,04% das contratacións en mulleres.

SEGUNDA. A rotación do asalariado galego (número de contratos eventuais que, por termo medio, se concertan con cada asalariado temporal) baixou por segundo ano ata os 2,68 contratos no caso das mulleres e subiu aos 4,12 nos homes en 2023. A media en España foi de 2,80 no grupo de mulleres e de 3,55 no de homes.

Pontevedra e A Coruña, por esa orde, son as provincias nas que máis baixa. Nas catro provincias galegas baixa a contratación temporal e sube a indefinida.

TERCEIRA. Mantense unha maior porcentaxe de persoal asalariado temporal, especialmente no colectivo feminino, e tamén se manteñen as distancias entre o grupo de homes e de mulleres entre 2023 e 2022. Seguen existindo determinadas modalidades contractuais maioritariamente femininas como son o contrato de interinidade ou os concertados a tempo parcial, e outras maioritariamente masculinas como o contrato de relevo ou xubilación parcial. Por sectores de actividade, só no sector servizos a contratación das mulleres supera á dos homes.

CAPÍTULO 8. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA

PRIMEIRA. A 31 de decembro de 2023 existen en Galicia 1.048 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, dos cales 122 son de sector e 926 de empresa.

Asináronse por primeira vez este ano 11 convenios de empresa que afectan a 743 persoas traballadoras (482 homes e 261 mulleres).

SEGUNDA. Durante o ano 2023 asináronse e/ou revisáronse 156 convenios colectivos (125 convenios asinados e 31 revisados), dos que 46 son de sector (32 convenios asinados e 14 revisados) e 110 son de empresa (93 convenios asinados e 17 revisados).

Afectaron estes convenios a 259.028 persoas traballadoras, das que 172.684 son homes e 86.344 mulleres.

TERCEIRA. O incremento salarial pactado (media ponderada) nos convenios asinados e revisados este ano en Galicia foi do 4,63%, media superior ao IPC galego (3,2%) e ao estatal (3,1%).

Recollen cláusulas de revisión salarial o 56% dos convenios asinados e o 35,48% dos revisados este ano.

Teñen pactos de ultraactividade o 88% dos convenios asinados neste ano (o 93,75% dos de sector e o 86,02% dos de empresa).

A xornada media pactada (media ponderada) nos convenios asinados e revisados en 2023 que a regulan de xeito anual foi de 1.765,51 horas, sendo nos convenios de empresa de 1.725,52 horas e nos de sector de 1.768,39 horas.

O 71,20% dos convenios colectivos asinados no ano 2023 establecen unha xornada anual inferior á máxima legal (26 convenios de sector e 63 de empresa).

CUARTA. Rexistráronse en 2023 en Galicia 16 inaplicacións de convenio que afectan a 461 persoas traballadoras, das que 375 son homes e 86 mulleres. As condicións de traballo que se inaplican refírense maioritariamente á contía salarial (75%), sendo dentro destas a redución do salario a que máis se produce (68,75%).

No 75% a composición da comisión negociadora correspóndese co establecido no artigo 41 do Estatuto dos traballadores (comisión dun máximo de tres membros integrada por persoas traballadoras da propia empresa e elixida por estas democraticamente). No 18,75% está constituída pola representación legal das persoas traballadoras. Acudiron nun caso á decisión do órgano tripartito (6,25%) e non acudiron en ningún caso á mediación do AGA.

O 37,5% das inaplicacións rexistradas en 2023 teñen lugar en empresas que teñen entre 6 e 30 persoas traballadoras e o 31,25% en empresas que teñen entre 1 e 5.

QUINTA. No ano 2023 existe participación de mulleres na comisión negociadora en 97 convenios, o 77,6% do total dos asinados este ano. Estes convenios afectan a 185.767 persoas traballadoras (o 94,7%), das que 121.524 son homes e 64.243 mulleres.

O número de mulleres que participaron nas comisións negociadoras foi de 117 mulleres por parte das empresas e/ou organizacións empresariais (un 32% fronte a 246 homes, un 68%) e 162 mulleres por parte das organizacións sindicais (un 23% fronte a 558 homes, un 77%).

CAPÍTULO 9. SINISTRALIDADE LABORAL

PRIMEIRA. En 2023, os accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia (29.156) supoñen unha subida do 3,3% respecto dos de 2022 (28.209), subida que é do 0,03% respecto dos de 2021 (29.146). No conxunto do Estado (558.936) hai unha baixada do 2,2% respecto de 2022 (571.274) e unha subida do 6,7% respecto de 2021 (523.800). No caso dos accidentes de traballo graves (393 en Galicia e 3.924 en España) hai unha baixada en Galicia do 9,9% respecto de 2022 (436) e do 12,9% respecto de 2021 (451); mentres que en España hai unha baixada do 1,0% respecto de 2022 (3.962) e unha subida do 0,7% respecto de 2021 (3.896). Por fin, no caso dos accidentes mortais (56 en Galicia e 616 no conxunto do Estado) hai unha baixada en Galicia do 17,6% respecto dos de 2022 (68) e unha subida do 14,3% respecto dos de 2021 (49). En España, hai unha baixada do 13,4% respecto de 2022 (711) e unha subida do 0,8% respecto de 2021 (611).

Ese total de accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia supón, en 2023, un 5,2% do total estatal, fronte ao 4,9% de 2022 e o 5,6% de 2021. Non obstante, os accidentes graves, en 2023, supoñen o 10,0% dos acontecidos en toda España (o 11% en 2022 e o 11,6% en 2021), e os mortais, en 2023, o 9,1% (o 9,6% en 2022 e o 8,0% en 2021).

SEGUNDA. Nos desprazamentos, sexan en xornada de traballo ou *in itinere*, ocorreu o 30,2% dos accidentes laborais, cifra exactamente igual á de 2022 e moi similar á dos seis anos anteriores. Esta porcentaxe elévase nos accidentes graves ata o 41,6% (o 40,6% en 2022 e o 40,8% en 2021) e medra aínda máis no caso dos mortais, pois supuxeron o 46,8% (o 64,0% en 2022 e o 46,3% en 2021). É dicir, case que

un de cada dous dos accidentes de traballo mortais ocorridos en Galicia en 2023 tiveron como causa determinante inmediata un desprazamento. Estes datos alertan, un ano máis, sobre a importancia que teñen factores exógenos aos centros de traballo na sinistralidade laboral e que, polo mesmo, deben tamén estar moi presentes nas políticas de prevención de riscos laborais das empresas.

TERCEIRA. Analizando as cifras de accidentes ocorridos en xornada de traballo con baixa en todas as comunidades autónomas, Galicia ocupou, en 2023, o sexto lugar en número total de accidentes (en 2022 ocupara a sétima posición e, en 2021, a sexta). No que atinxe á gravidade, nos accidentes leves, a posición foi igualmente a sexta (igual que 2021, fronte á sétima de 2022), precedida, neste caso, por Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana, Madrid e País Vasco; o quinto lugar no que atinxe aos accidentes graves (en 2022 e 2021 fora a terceira), precedida neste caso por Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana e Madrid; e o quinto lugar no que ten que ver cos accidentes mortais (igual que en 2022 e 2021), precedida aquí a nosa comunidade autónoma por Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana e Madrid.

CUARTA. Respecto dos índices de incidencia, ven sendo habitual que Galicia teña, para o total dos accidentes de traballo, mellores índices de incidencia que o da maioría das comunidades autónomas, algo que tamén ocorreu en 2023, en que Galicia ocupou a décimo terceira posición, a segunda mellor entre 2013 e 2023, despois da de 2022, en que foi a décimo sexta.

Non obstante, ocorre algo ben distinto para o caso dos accidentes de traballo mortais en xornada de traballo: entre 2013 e 2023 Galicia estivo sempre entre as catro comunidades autónomas cun maior índice de incidencia. En 2023, só dúas comunidades autónomas e unha cidade autónoma tiveron un peor índice: Cantabria, A Rioxa e Melilla.

CAPÍTULO 10. CONFLITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABAJO

PRIMEIRA. A recuperación que se produce no ano 2021, en certa medida cunha recuperación de parámetros de normalidade en todos os eidos sociolaborais, maniféstase en que medra o número de folgas en 119 folgas máis, as persoas participantes en 47.530 persoas máis, e non obstante, caen as xornadas non traballadas en 117.764 xornadas menos. No ano 2022 hai 73 folgas máis, chegando a cifra ata as 679 folgas, medran en case 300.000 as xornadas non traballadas, pero hai 6.275 persoas en folga menos que no ano anterior. No ano 2023 hai 99 folgas máis, 102.009 participantes máis, 279.030 xornadas non traballadas máis e 21.876 centros convocados máis. No caso de Galicia, o sector servizos supera en case o dobre o número de participantes, fronte ao ano 2022 que era o sector da industria o maioritario. En xornadas non traballadas é moi superior tamén a cifra do sector servizos, que case multiplica por sete as xornadas non traballadas na industria. Apréciase así mesmo en Galicia unha gran diferenza de cifras das folgas provinciais fronte ás estatais. Se no ano 2022 sube o número ata 46 folgas (33 provinciais e 13 autonómicas), no ano 2023 segue a suba a 68 folgas (51 provinciais e 17 autonómicas), desagregándose por provincias as que foron de empresa ou de sector, e neste mesmo ano provincialmente crece tamén o número ata chegar a 51 folgas realizadas das 190 convocadas, case todas de empresa.

SEGUNDA. No que atinxe ao AGA, no ano 2023 iniciáronse 164 expedientes, o maior número dende a posta en funcionamento do Acordo (23 expedientes por riba do ano anterior). Estes expedientes afectaron, con actuación rematada, a 16.558 empresas e 77.561 persoas traballadoras. Sobre o total de mediacións e arbitraxes levadas a cabo polo AGA, a efectividade acadada ao longo do ano 2023 foi do 73,15%, unha porcentaxe semellante ao ano anterior. O 98,73% destes procedementos foron conciliacións ou mediacións que afectaron a 77.268 persoas traballadoras e 16.556 empresas. Tramitouse só unha arbitrase, que afectou a unha empresa e a 63 persoas traballadoras.

Atendendo aos expedientes iniciados por sector de actividade da empresa ou sector, ao longo de 2023 o 61% dos expedientes presentados correspondían a empresas ou subsectores integrados no sector servizos, é dicir, preto de dous de cada tres expedientes corresponden a este sector de actividade. Dos restantes, case todos corresponden ao sector industrial, agás un na agricultura e tres na construción. A meirande parte dos expedientes e persoas e empresas afectadas corresponden coas provincias de Pontevedra e A Coruña.

CAPÍTULO 11. REGULACIÓN DE EMPREGO E FOGASA

PRIMEIRA. As persoas afectadas en computo global das catro provincias galegas en 2023 descendeu un 29%. Este descenso deuse nos procedementos de suspensión e redución de xornada e aumenta nos de despedido colectivo (58,5%).

Este descenso global sigue estando moi lonxe dos datos previos á COVID-19.

O maior número de persoas afectadas concéntrase no sector industria, seguido do sector servizos e tamén son estes dous sectores onde se dá o maior descenso sobre o 2022.

Desagregando por sexo no 2023 en todas as medidas de regulación de emprego, hai máis homes afectados que mulleres (25,4% mulleres e 74,6% homes). Comparando Galicia co resto das CC.AA. apréciaos se que as persoas afectadas na nosa comunidade supuxeron un 8% do total.

SEGUNDA. En Galicia redúcese o número de persoas afectadas polas resolucións do Fogasa nun 8%, mentres no conxunto do Estado a redución do número de persoas beneficiarias das resolucións do Fogasa, chega ao 19,6% menos que en 2022. As provincias galegas máis afectadas por estas resolucións foron A Coruña e Pontevedra. O número de persoas afectadas só aumenta en Lugo e Pontevedra e na Coruña e Ourense redúcese.

CAPÍTULO 12. PROTECCIÓN SOCIAL

PRIMEIRA. Galicia é unha das CC. AA. con maior porcentaxe de pensionistas, situándose en 2023 no 7,7%, unha porcentaxe moi superior á participación da poboación galega no total estatal (5,6%). En 2023, a diferenza entre a pensión media nacional e a de Galicia é de 173,2 euros, sendo a pensión media en Galicia de 1.025,47 euros fronte aos 1.198,65 euros da media nacional (un 17% inferior).

SEGUNDA. O número de pensións do réxime xeral da Seguridade Social (450.200 en 2023) experimentan unha suba de 4.200 con respecto ao ano anterior. As provincias de Lugo e Ourense, con 53.100 e 65.100 pensións, cadansúa, representan conxuntamente o 26,3% das persoas perceptoras de pensións do réxime xeral en Galicia.

TERCEIRA. As 82.515 persoas beneficiarias das prestacións de desemprego en decembro de 2023 supoñen o 4,8% do total español, practicamente a mesma ratio que en 2022 (4,9%). O 46,1% perciben unha prestación contributiva (45,8% en 2022), o 48,4% unha asistencial (48,3% en 2022) e o 5,5% restante a renda activa de inserción (5,9% en 2022).

CUARTA. Cuarta. A comunidade galega ten unha alta proporción de pensións con complementos a mínimos en comparación coa media española, con especial incidencia nas pensións de orfandade e en favor de familiares. Galicia é a sexta rexión que máis se beneficia deste complemento, tras de Estremadura, Castela-A Mancha, Andalucía, Canarias e Murcia, estando a súa porcentaxe 5,4 puntos por riba da media estatal.

CAPÍTULO 13. ELECCIÓNS SINDICAIS

ÚNICA. Analizando os resultados dos procesos electorais en Galicia do período 2020/2023 constátase que a Confederación Intersindical Galega (CIG), cun resultado do 30,40% do total de persoas elixidas, é a que obtivo maior número de representantes, seguida pola Unión Xeral de Traballadores (UGT-Galicia), co 25,64%, e polo Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, co 25,13%. O resto das entidades sindicais obtiveron un resultado global que non chegou ao 19%. En todos os casos, os resultados son similares aos do período 2019/2022, se ben o S.N. de CCOO de Galicia perdeu a segunda posición en favor de UGT-Galicia.

Ademais, no período reflectido, a CIG foi primeira forza sindical na Coruña e Pontevedra, segunda en Ourense e terceira en Lugo; UGT-Galicia foi primeira forza en Lugo e Ourense, e terceira na Coruña e Pontevedra; mentres que CCOO de Galicia resultou ser segunda forza na Coruña e Pontevedra e terceira en Lugo e Ourense.

CGRL.GAL/ES

